



Resultados dos Campionatos Galegos de Arco disputados en Poutomillos (Lugo)

Os pasados 26 e 27 de setembro disputábanse en Poutomillos (Lugo) o Campionato Galego de Percorridos de Caza con Arco e o Campionato Galego de Caza con Arco ao Voo, que organizaba a Federación Galega de Caza en colaboración co Clube "Poutomillos Breogán".

O sábado 26 disputábase o Campionato Galego de Percorridos de Caza con Arco onde participaban 31 arqueiros.



Na categoría de Arco Asistido o gañador era Jaime Villaverde Balado, que acadaba 138 puntos. Segundo nesta categoría era Antonio Rodríguez Iglesias con 135 puntos e terceiro clasificado Oscar Arias Díaz con 124 puntos. Na categoría de Arco Tradicional o vencedor era Miguel Gómez Cruces, con 68 puntos, sendo subcampión Juan Bandeira con 47 puntos. En "Long Bow" proclamábase campión Oscar Casal Rodas, sendo subcampión Eugenio Casal Rodas e terceiro clasificado Benigno Ruíz.

Na categoría feminina proclamábase Campiona Galega Dolores Bugarín Codeseda, mentres que Yago Arias Lemos facía o propio en categoría junior. Nesta mesma categoría era segundo Isidro Bandeira e terceiro clasificado David Copa. Finalmente na categoría dos máis pequenos, a infantil, o campión era Juan Bandeira, sendo subcampión Rubén Arias e terceiro clasificado Bruno Pacios.

ARCO ASISTIDO		
Pos	CONCURSANTE	Puntos
1º	Jaime Villaverde Balado	138
2º	Antonio Rodríguez Iglesias	135
3º	Oscar Arias Díaz	124
4º	Carlos Alonso Cabalero	120
5º	Francisco Javier Gago Malvido	370

LONG BOW		
Pos	CONCURSANTE	Puntos
1º	Oscar Casal Rodas	
2º	Eugenio Casal Rodas	
3º	Benigno Ruiz	
4º	José Angel Casal Rodas	

ARCO TRADICIONAL		
Pos	CONCURSANTE	Puntos
1º	Miguel Gómez Cruces	68
2º	Juan Bandeira	47

FEMININA		
Pos	CONCURSANTE	Puntos
1ª	Dolores Bugarín Codeseda	98



JUNIOR		
Pos	CONCURSANTE	Puntos
1º	Yago Arias Lemos	91
2º	Isidro Bandeira	83
3º	David Copa	47

INFANTIL		
Pos	CONCURSANTE	Puntos
1º	Juan Bandeira	
2º	Rubén Arias	
3º	Bruno Pacios	

O domingo 27 disputábase o Campionato Galego de Caza con Arco ao Voo onde participaban un total de 6 equipos.

O equipo gañador era o formado por José Manuel Arias Vázquez e José Antonio Vázquez Liz do Clube "Poutomillos Breogán" de Lugo. Segundo era o equipo de Benigno Ruiz Pascual e Miguel Gómez Cruces de "Cazarco" de Vigo. O equipo que remataba no terceiro posto era o formado por Oscar Casal Rodas e Eugenio Casal Rodas, tamén de "Cazarco" de Redondela (Pontevedra).

CAMPIONATO GALEGO DE CAZA CON ARCO AO VOO			
Pos	Equipo	Clube / Sociedade	Prov
1º	José Manuel Arias Vázquez José Antonio Vázquez Liz	Poutomillos Breogán	LU
2º	Benigno Ruiz Pascual Miguel Gómez Cruces	Cazarco	PO
3º	Oscar Casal Rodas Eugenio Casal Rodas	Cazarco	PO
4º	Juan Bandeira Autrán Jaime Villaverde Balado	Cazarco	PO
5º	Héctor López López Francisco López López	Poutomillos Breogán	LU

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com